



PRIMEIRA ADDENDA AO CONTRATO PROGRAMA DE GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A. E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, NO PERIODO 2023

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS:

Dunha parte, **Dna. Estrella López-Pardo Pardo**, Xerente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co nomeamento recollido no Decreto 138/2022, do 4 de agosto, actuando en nome e representación deste, en uso das atribucións delegadas de conformidade co establecido no artigo 4, punto j) da Orde do 22 de abril de 2020, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Doutra parte, **Dna. Rocío Mosquera Álvarez**, con DNI 34911297 B Directora Xerente, actuando en nome e representación de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. resultando as súas facultades xenéricas da escritura de poder outorgada o seu favor o 22 de febreiro de 2018, ante o notario de Santiago de Compostela, D. Manuel Remuñán López, co número 366 do seu protocolo.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal suficiente para formalizar este documento e para o efecto

.

EXPOÑEN:

I. Que con data 29 de decembro de 2022 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Contrato programa entre Galaria, Empresa Pública de servizos Sanitarios, S.A. e o Servizo Galego de Saúde para a realización de servizos de alta tecnoloxía sanitaria, consultoría, especialmente no eido da alta tecnoloxía sanitaria, servizos de protección radiolóxica, xestión do centro de produción de fármacos, xestión do servizo de atención ao teléfono único do Sergas, a prestación de xestión ordinaria e administración e outras actividades conexas e consecuentes co obxecto social da empresa Galaria, que se acorde co Servizo Galego de Saúde.

No devandito documento sinalábase no seu apartado décimo o seguinte:



O contrato-programa poderá modificarse nos seguintes casos:

1. Que expresamente se estableza **un novo importe das transferencias** no acordo de prórroga anual.
2. Que se aproben **novos módulos** ou se modifique ou substitúa algún dos módulos vixentes.
3. Autorización expresa por parte da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde (Subdirección Xeral de Xestión Asistencial e innovación) para a realización de novos procedementos asistenciais.
4. **Incremento de servizos sanitarios** ao longo da anualidade motivada por novas probas ou procedementos.
5. Realización de **novos proxectos** vinculados co obxecto social de Galaria segundo se solicite desde o Servizo Galego de Saúde (previa modificación do importe anual adaptado as necesidades de financiamento).

II. Que dentro dos obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia establecidos no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, máis concretamente na prioridade de actuación 1.4 de “*Fortalecemento dunha asistencia sanitaria accesible e de calidade*” atópanse o seguinte obxectivo: *1.4.5 Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxéticamente máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente.*

Co fin de acadar un modelo de desenvolvemento sostible e de economía Circular na sanidade establécese o encargo a Galaria a través do seu Consello de administración de realízalas actuacións precisas que posibilita dotar ao Servizo Galego de Saúde dunha estratexia de economía circular que permita, entre outros, dotar a sanidade de infraestruturas sanitarias modernas, avanzadas e eficientes que axude a acadar un modelo sanitario sostible medioambientalmente.

III.- O Ministerio de Sanidad ven de poñer en marcha o denominado Plan INVEAT (Plan nacional de investimento de equipos de alta tecnoloxía do Servizo Nacional de Saúde). O obxectivo principal de este Plan é incremental a supervivencia global e a calidade de vida das persoas mediante o diagnóstico de enfermidades en estadios iniciais, posibilitando a intervención terapéutica rápida, con especial atención a las patoloxías de maior impacto sanitario, mediante o acceso á alta tecnoloxía sanitaria.

Este Plan deriva na substitución de equipamento de alta tecnoloxía, o que afecta aos diferentes hospitais da rede sergas onde se vanse a substituír diferente equipamento entre





os que se atopan equipos de resonancia magnética e aceleradores de oncoloxía radioterápica entre outros.

Galaria xestiona a actividade diagnóstica realizada en tres Unidades Móviles de Resonancia Magnética atendendo a demanda ordinaria dos hospitais comarcais ademais de atender a lista de espera dos hospitais con equipos de resonancia magnética fixas.

No marco do Plan INVEAT, vaise a substituír un dos tres equipos de resonancia magnética móbil de Galaria, a data de entrega da resonancia substituída permite a utilización dunha resonancia adicional durante algúns meses de 2023 posibilitando incrementala actividade da unidade de resonancia magnética móbil e mellorando os niveis asistenciais de lista de espera e calidade asistencial.

Dentro dos obxectivos recollidos no apartado 4 do contrato programa establécese unha actividade obxectivo para os equipos de resonancia móbil de 25.000 resonancias, este obxectivo para o 2023 ampliaríase con carácter excepcional en 8.000 resonancias dependendo dos tempos de dispoñibilidade do equipo a substituír.

No marco da oncoloxía radioterápica, e dentro do Plan INVEAT, estase a substituír un acelerador lineal na unidade de Oncoloxía radioterápica da Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras trasladándose parte dos pacientes a unidade de Oncoloxía radioterápica de Galaria do Hospital do Meixoeiro de Vigo incrementándose a actividade asistencial da unidade así como a necesidade de recursos a para a súa atención. O número de pacientes da Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras estimados para ser tratados no 2023 na unidade de Oncoloxía radioterápica de Galaria mentres no se finaliza a posta en marcha do novo equipo ascende a 125 persoas.

IV.- Galaria, en base o artigo 43.2 c) da LEY 55/2003, de 16 de Decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde, que contén a regulación do complemento de produtividade, (concepto que inclúe a participación en programas ou actuacións concretas e a contribución do persoal á consecución dos obxectivos programados), e en base ao o artigo 28 do Convenio colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia xestionado por fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas, que contempla a posibilidade de retribuír a participación voluntaria en actividades, actuacións ou programas concretos coa finalidade de cumprir cos obxectivos e coa actividade contratada no contrato programa cos recursos dispoñibles.

En 2023 aprobáronse incrementos retributivos acordados entre a administración e os sindicatos en Mesa sectorial para o persoal estatutario en diversos conceptos vinculados a xornada complementaria e que supón segundo cada caso, un incremento do custe da actividade asistencial obxecto do contrato programa.





Para o cumprimento dos obxectivos recollidos nos apartados anteriores e co fin de facer efectiva a realización dos proxectos sinalados e da maior actividade asistencial indicada, as partes

ACORDAN

CLÁUSULA ADICIONAL PRIMEIRA: Traballos para o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento da estratexia de economía circular do Servizo Galego de Saúde.

Contratar á Galaria a realización do proxecto nos termos recollidos no seguinte Módulo adicional ao contrato programa:

MÓDULO VI: PROXECTOS DE ECONOMÍA CIRCULAR

Galaria ademais de prestar servizos asistenciais de alta tecnoloxía, está facultada para desenvolver, executar e explotar infraestruturas sanitarias promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia e para desenvolver actividades de consultoría no ámbito sanitario, xunto con outros servizos relacionados co ámbito da Sanidade, e desde o ano 2019 ten o encargo do Servizo Galego de Saúde para desenvolver e difundir a estratexia de economía circular do SERGAS dado o seu compromiso de Cero emisións acorde cos obxectivos das Nacións Unidas para reducir nun 60% o seu impacto no ano 2030 e ser neto cero en emisións de carbono no 2040

Dentro dos obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia establecidos no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, atópase a *Modernización e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxéticamente máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente*. A Estratexia de Economía Circular do Servizo Galego de Saúde é o modelo de xestión para desenvolver o marco de actuación para combater o cambio climático e asegurar a sustentabilidade do sistema sanitario galego, conta con cinco eixos: recursos e materias primas, residuos e pegada ambiental, deseño de procesos, investigación, innovación e investimento responsable e comportamento social.

Dentro de estes obxectivos, estanse desenvolvendo diferentes proxectos europeos.

Dentro do avance destes proxectos planifícase acadar os seguintes obxectivos:

- Redacción da Estratexia de Economía circular do Servizo Galego de Saúde 2023-2027





- Colaborar na redacción de pregos administrativos e de prescricións técnicas para expedientes de sostibilidade en el sector saúde
- Seguimento dos contratos centralizados xa en marcha: enerxías renovables eléctricas e térmicas, postos de recarga de vehículos eléctricos, melloras de eficiencia enerxética e con especial énfases en aqueles con gran impacto no medioambiente e a sostibilidade
- Colaborar no seguimento do consumo enerxético global do Sergas.
- Colaborar no cálculo da pegada de carbono e o seu seguimento
- A participación e seguimento de proxectos de economía circular acordados co Sergas.

Réxime de financiamento

O réxime económico correspóndese coa cobertura dos recursos humanos e materiais que estes proxectos precisan para o desenvolvemento dos traballos e actividades que se contraten e se poidan realizar de acordo coa capacidade dos recursos dispoñibles. Neste sentido e preciso axustar os recursos humanos e materiais de Galaria postos a disposición do Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento deste proxecto; o que supón a necesidade de dotar de financiamento específico.

As achegas do Servizo Galego de Saúde que se recoñezan a favor de Galaria como consecuencia da realización deste proxecto son as que se indican a continuación en importe anual:

	2023
5001.412A.441.15	47.716 €

O importe liberarase no 2023 proporcionalmente aos meses pendentes ata final de ano dentro do importe correspondente a transferencia de explotación do Servizo galego de Saúde

Documentación

Galaria remitirá informe relativo a actividade realizada ea finais de 2023 á Xerencia do servizo Galego de Saúde.





Obxectivos e indicadores

A realización deste módulo encadrase dentro do obxectivo estratéxico de “*mellora continua*” e forma parte do obxectivo operativo s “*transversais*” de acordo co recollido no contrato programa. O indicador definido para este módulo é o seguinte:

Obxectivo estratéxico	Unidade	Obxectivo operativo	Indicador	2023
A mellora continua	Consultoría	Elaboración da estratexia de economía circular do sergas	Documento de definición da estratexia validado pola DX de Asistencia sanitaria	1
		Presentación da estratexia de economía circular	Acto de presentación	1

Este proxecto é susceptible de ampliación para o ano 2024 segundo se defina o marco de actuación destinado a combater o cambio climático e asegurar a sustentabilidade do sistema sanitario galego, incorporándose a unha nova adenda no seu caso

CLÁUSULA ADICIONAL SEGUNDA: Traballos para o Servizo Galego de Saúde para o incremento de actividade asistencial nas unidades de resonancia magnética móbil e Oncoloxía radioterápica.

Resonancia magnética móbil

Encoméndase a Galaria a realización de probas diagnósticas adicionais de resonancia magnética a través dos catro equipos dispoñibles de resonancia magnética móbil durante 2023 destinando os recursos humanos e materiais necesarios para a realización da actividade suplementaria estimada en 8.000 resonancias (dentro dunha estimación ata 31 de decembro).

Réxime de financiamento

O réxime económico correspóndese coa cobertura dos recursos adicionais que esta actividade asistencial precisa para o desenvolvemento das probas diagnósticas que se indican no paragrafo anterior, isto supón a necesidade de dotar de financiamento específico de acordo cos importes recollidos no Módulo I de Actividade sanitaria a realizar por Galaria, apartado I.B Actividade sanitaria en unidades móbiles





As achegas das diferentes Áreas sanitarias que se recoñezan a favor de Galaria como consecuencia da realización desta actividade son as que se indican a continuación en importe estimado:

Área sanitaria	aplicación orxamentaria	Probas adicionais	Importe
Vigo	3601/412A/441.15	1.600	192.000
Ourense	3201/412A/441.15	400	48.000
Santiago	1571/412A/441.15	600	72.000
Coruña	1501/412A/441.15	300	36.000
Lugo	2701/412A/441.15	2.100	252.000
Pontevedra	3603/412A/441.15	3.000	360.000
TOTAL		8.000	960.000

O importe liberarase polas diferentes Áreas sanitarias segundo se emita por Galaria a documentación xustificativa da actividade realizada de acordo co establecido no propio contrato programa no Módulo I de Actividade sanitaria a realizar por Galaria, apartado I.B Actividade sanitaria en unidades móbiles.

Este proxecto ten carácter excepcional e específico dentro do ano 2023.

Oncoloxía radioterápica pacientes Ourense

Encoméndase a Galaria a realización dos tratamentos de teleterapia aos pacientes remitidos pola área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras durante 2023 mentres dure a substitución do acelerador lineal dentro do Plan INVEAT estimándose unha actividade suplementaria de 125 pacientes.

Réxime de financiamento

O réxime económico correspóndese coa cobertura dos recursos adicionais que esta actividade asistencial precisa para o desenvolvemento dos tratamentos que se indican no parágrafo anterior, isto supón a necesidade de dotar de financiamento específico de acordo cos importes recollidos no Módulo I de Actividade sanitaria a realizar por Galaria, apartado I.A Actividade sanitaria en instalacións hospitalarias.

As achegas do Servizo Galego de Saúde que se recoñezan a favor de Galaria como consecuencia da realización deste proxecto son as que se indican a continuación en importe estimado:



	2023
3201.412A.441.15	312.500 €

O importe liberarase pola Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras segundo se emita por Galaria con carácter a documentación xustificativa de acordo co establecido no propio contrato programa no Módulo I de Actividade sanitaria a realizar por Galaria, apartado I.A Actividade sanitaria en instalacións hospitalarias.

Este proxecto ten carácter excepcional e específico dentro do ano 2023 salvo que por necesidades da unidade de Oncoloxía radioterápica de Ourense fose preciso ampliálo por demoras na posta en marcha do último acelerador instalado, incorporándose a unha nova adenda no seu caso.

Obxectivos e indicadores

A realización desta actividade encadrase dentro do obxectivo estratéxico de “viabilidade económica” e forma parte do obxectivo operativo s “asistenciais” de acordo co recollido no contrato programa. Isto supón incrementar o indicador definido para este módulo e para estas unidades asistenciais definidas no contrato programa.

Adicionalmente, modifícanse dous dos obxectivos asociados a cada unha das unidades asistenciais como consecuencia do maior volume de actividade asistencial.

Os novos obxectivos son os seguintes:

Obxectivo estratéxico	Unidade	Obxectivo operativo	Indicador	2023
A viabilidade económica	Resonancias magnéticas móbiles	Alcanzar o máximo de actividade cos recursos dispoñibles	Nº de probas (anual)	33.000
	Oncoloxía radioterápica		Nº de procesos (anual)	2.635
A satisfacción dos pacientes	Diagnóstico por imaxe	Reducir o tempo medio de realización de informes	Período medio de realización de informes (días de realización de informes entre número de informes)	≤40 días
	Oncoloxía radioterápica	Reducir lista de espera de primeira consulta	Días de lista de espera en primeira consulta	25 días





CLÁUSULA ADICIONAL TERCEIRA: Programas de autoconcertación en xornadas extraordinarias

Esta cláusula recolle o efecto económico do incremento dos importes asociados aos programas especiais do persoal facultativo vinculados a actividade asistencial derivada das actualizacións das tarifas efectuadas no ano 2023 para os facultativos especialistas do Sergas, en xornada extraordinaria, e aplicando o incremento correspondente en cada complemento retributivo

Partindo dun obxectivo de actividade ordinaria definido e cuantificado previamente nas diferentes unidades asistenciais, toda a actividade realizada de xeito extraordinario será retribuída segundo o importe acordado para cada módulo de traballo. Ditas actuacións desenvolveranse á marxe da prestación de servizos ordinarios que deba prestar cada profesional

Os programas acordados son os seguintes:

1. Programa especial Unidade de Oncoloxía Radioterápica
2. Programa especial Unidade de Radiofísica
3. Programa especial Unidade de Medicina Nuclear
4. Programa especial Unidade de Diagnóstico por Imaxe

Réxime de financiamento

O réxime económico correspóndese coa cobertura dos custes asociados ao incremento pactado pola administración e que repercute na actividade asistencial de Galaria, recursos adicionais que esta actividade asistencial precisa.

	2023
5001.412A.441.15	55.682 €

Esta situación é susceptible de aplicación para o ano 2024 segundo se definan os programas especiais do persoal facultativo vinculados actividade asistencial asociada, incorporándose a unha nova adenda no seu caso.

As estipulación adicionais recollidas na presente adenda non supón modificacións a estrutura do contrato programa de acordo co recollido na cláusula 10 do contrato programa.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE



GALARIA
EMPRESA PÚBLICA DE
SERVIZOS SANITARIOS

En proba de conformidade, asínase o presente contrato programa no lugar e data arriba indicado:

Pola Consellería de Sanidade e Por Galaria, Empresa Pública de Servizos Galego de Saúde Sanitarios, S.A.

D^a. Estrella López-Pardo Pardo

D^a. Rocío Mosquera Álvarez

